

Xesús Campos retorneado

Retrato do artista incandescente

Non sei se foi antes o ovo ou a galiña, a función ou o órgano, o medio, a mensaxe ou a paisanaxe. Descoñezo se o humor se adaptou ao medio ou se éste foi consecuencia de aquel. O caso é que *Chichi* non publicou nos xornais de gran tirada. Apenas algún debuxo ciscado aquí e alá nalgunha publicación militante, practicante ou protestante. O seu medio foi o caderno, a folla voante, o libelo, a octavilla, o mantel de papel da mesa dalgún bar, unha caixa de mixtos, un anaco de papel de xornal... Todo soporte servía cando lle daba a ferverza debuxística. E dáballe sempre. O bule-bule levouno a unha incesante produción privada, disparada, disparatada, feita a man (alzada). Pero súa obra chegou a competir en difusión (OJD) cos grandes medios. E todo de man en man, de ti a ti —lé, comenta, difunde, pasa a bola— até converter os seus cadernos en verdadeiros medios de comunicación de masas, pastas e biscoitos.

Todo como se el fose un inmenso departamento de axitación, propaganda, chorreo e cachondeo, que non paraba de matinar, retratar, satirizar, ironizar e taladrar a todo bicho vivinte. Toda situación era un xogo, Convertía en obxecto da súa obra a toda persoa ou cousa, ser animado ou apampado, ninguén se libraba. O seu humor agudo, incisivo, como de Black & Decker, non tiña acougo e a súa arte visual, inusual, insólita e insolente tiña o seu perfecto complemento nun verbo certo, na palabra revirada, na estimulación oral ou escrita.

E nunca tiña vagar, arte na rúa (Nova), na galería (Sargadelos), para a galería, na casa, no traballo, no bar, no pub, na discoteca, no almorzo do día despois. Calqueira momento e lugar eran propicios para perpetrar a súa arte apegada ao inmediato, ao instante, ao minuto, ao amigo, ao coñecido, ao que despistado pasaba por alí. Arte instantánea, arte popular, arti-mañá, arte a medida, prêt a porter, arte pronta, impronta (persoal). Chiste gráfico, chiste rápido, (só coa lingua era máis rápido que coa pluma), chiste dedicado, disparado, furado, desaforado, demoedor, *desmadrado*, desgraciado, desesperado, destrutor, acorazado, fragata, corbeta, portavións, galeón, carabela, traíña, gamela, dorna, caiuco, salvavidas, salvamantel, salvaslips, *salva sea la parte*, salvaterra, salvaxe, salvador, *sal de aí!*, saltinbanqui, sal e pementa picante.

Publicado co título *Bule-bule* no caderno de Cultura de *La Voz de Galicia*, o 25 de febreiro de 1993, ao cumprirse o segundo cabodeano do pasamento de Xesús Campos (1952-1991).

O como é o que conta
Pepe Barro

DD